

**CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE MÚSICA DE
RIBEIRA
“ENRIQUE PAISAL”**

PROGRAMACIÓN DA ESPECIALIDADE DE PIANO 2025/2026



ÍNDICE

CONTEXTUALIZACIÓN

ENSINANZAS ELEMENTAIS ESPECIALIDADE DE PIANO

I OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS DE MÚSICA.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ENSINANZA DO PIANO NAS EE.EE DE MÚSICA.

II CONTIDOS

III CRITERIOS DE AVALIACIÓN

IV CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

V METODOLOXÍA

1) PRIMEIRO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

CONTIDOS

Temporalización:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

2) SEGUNDO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

CONTIDOS

Temporalización:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

3) TERCEIRO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

CONTIDOS

Temporalización:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS:

MÍNIMOS ESIXIBLES

4) CUARTO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

CLASE COLECTIVA

ENSINANZAS PROFESIONAIS - ESPECIALIDADE DE PIANO

I OBXECTIVOS

Obxectivos xerais das ensinanzas profesionais de música:

Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música:

Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de piano.

II CONTIDOS

III CRITERIOS DE AVALIACIÓN

IV CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

V METODOLOXÍA

1) PRIMEIRO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

2) SEGUNDO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

3) TERCEIRO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

4) CUARTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

5) QUINTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

Temporalización:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MÍNIMOS ESIXIBLES

6) SEXTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

OBRAS

MINIMOS ESIXIBLES

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

MÍNIMOS ESIXIBLES

AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

TEMAS TRANSVERSAIS, ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

PROBAS DE ACCESO

Acceso as EE.EE:

Acceso as EE.PP:

Obras orientativas para a Proba de Acceso ao 1º curso das EE.PP de piano.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

PROBA "PREMIO FIN DE GRAO" ESPECIALIDADE DE PIANO

CONTEXTUALIZACIÓN

Situado nun entorno urbano, o Conservatorio Profesional de Música de Ribeira Enrique Paisal, está formado por un alumnado procedente tanto da propia cidade coma dos entornos e poboacións circundantes. A maioría do alumnado matriculado compaxina os estudos musicais coa ensinanza obrigatoria.

Esta programación marca as directrices para que o noso alumnado da especialidade de piano, que parte de experiencias educativas e intereses moi diversos, acade as finalidades propias das ensinanzas musicais e que define a lei de educación: formación artística de calidade e cualificación como futuros profesionais da música (Lei orgánica 2/2006 , do 3 de maio).

A singularidade básica da ensinanza instrumental é que as clases están enfocadas ao traballo intensivo e individualizado. Este complementase coas clases colectivas e outras actividades programadas fora da aula, coma as audicións, que implican a participación de distintos sectores da comunidade educativa: alumnado, profesorado e as familias. Deste xeito, o alumnado consolida os seus coñecementos e aproxímase a finalidade principal da materia, que é o acto comunicativo a través do instrumento, e as familias participan nas actividades do centro, favorecendo a súa implicación nos procesos educativos dos seus fillos e fillas.



ENSINANZAS ELEMENTAIS ESPECIALIDADE DE PIANO

I OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS ELEMENTAIS DE MÚSICA.

As Ensinanzas Elementais de música teñen como obxectivos xerais contribuir a desenvolver nos alumnos/as as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética, para interpretar e gozar a música das diferentes épocas e estilos, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmos, para vivir a música como medio de comunicación.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudo que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e a adaptarse equilibradamente ao conxunto.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ENSINANZA DO PIANO NAS EE.EE DE MÚSICA.

A ensinanza do piano na etapa elemental terá como principal obxectivo desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación ante o instrumento e que favoreza o manexo do mesmo a través do conxunto brazo-antebrazo-man enriba do teclado.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilízalas dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Coñecer as diferentes épocas que abrangue a literatura pianística ao longo da súa historia e das esixencias que plantexa unha interpretación estilísticamente axeitada.

- Amosar un grao de desenvolvemento técnico que permita abarcar, sempre dentro das esixencias do nivel, os distintos estilos de escritura que son posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da calidade do son.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos e épocas, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Desenvolver a memoria en función dunha mellor comprensión da linguaxe musical, control do instrumento e liberdade de expresión

II CONTIDOS

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación e dos esforzos musculares que require a execución instrumental, co fin de acadar un equilibrio satisfactorio entrambos os dous factores, así coma dos indispensables.
- Utilización consciente do peso do brazo.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas as dúas.
- Planificación do traballo da técnica tendo en conta os seguintes principios xerais:
 - Práctica da técnica dixital encamiñada a incrementar a independencia, a velocidade, a resistencia e a capacidade de diversificación dinámica partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
 - Estudo dos movementos posibles a partires das distintas articulacións do brazo (pulso, cóbado, ombreiro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotacións, así coma tódalas combinacións posibles.
 - Percepción clara de que a interacción permanente deses diferentes xeitos de accionar constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.
 - Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 - Estudo dos principios xerais da dixitación pianística e o seu desenvolvemento en función da complexidade progresiva das dificultades a resolver.
 - Aprendizaxe dos diversos xeitos de ataque e de articulación e consonancia ca dinámica, a condución da frase e a densidade da textura musical.

☐ Desenvolvemento da capacidade de obter dun xeito sincronizado, sons de distinta intensidade entrambas as dúas mans, ou entre os dedos dunha mesma man, tratando de acadar unha diferenciación dinámica, feito que resulta indispensable nun instrumento polifónico como o piano, xa sexa na relación melodía-acompañamento ou en plantexamentos contrapuntísticos de maior ou menor complexidade

☐ Coñecemento e práctica dos pedais.

☐ Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.

☐ Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, estimulando a concentración, o sentido da autocrítica e a disciplina no traballo.

☐ Iniciación á comprensión de estruturas musicais nos seus distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.- para chegar a través disto a unha interpretación consciente e non só intuitiva.

☐ Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

☐ Selección, progresiva en canto ao grao de dificultade, dos exercicios e estudos do repertorio pianístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.

☐ Práctica de conxunto.

III CRITERIOS DE AVALIACIÓN

☐ **Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión:** Este criterio de avaliación pretende constatar a facilidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto.

☐ **Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.** Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico prácticos da linguaxe musical.

☐ **Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente:** Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

☐ **Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos**

das obras escoitadas: Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para percibir os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento intelectual e emocional e a súa formación teórica aínda que non as interprete por ser novas para el ou resultar aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

- 2 **Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual:** Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- 2 **Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación:** Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- 2 **Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces:** Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros/as nun traballo común.

IV CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para obter a cualificación trimestral e final teranse en conta os seguintes criterios:

- Valoración dos criterios de avaliación: farase unha media da puntuación asignada a cada criterio de avaliación do curso correspondente. Este aspecto suporá un **85% da nota**.
- Demostrar traballo diario e actitude positiva na clase: valorarase a constancia e a calidade do estudo persoal na casa, o cumprimento dos obxectivos fixados semanalmente na aula, a audición e investigación das pezas ou compositores que se están a traballar, a actitude activa e receptiva na clase, etc. Este aspecto suporá o **15 % da nota**.

V METODOLOXÍA

A ensinanza instrumental é un proceso complexo que, por necesidade, debe conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Todos estes aspectos se complementan e reforzan para que o alumnado adquira as habilidades motrices e intelectuais necesarias dun xeito equilibrado e garantindo a súa asimilación progresiva.

Nas EE.EE, o alumnado medio ten de 8 a 12 anos, dependendo do curso. Por razóns de madurez intelectual, as ferramentas didácticas básicas empregadas sustentáanse na experimentación directa do mundo sonoro do instrumento. Progresivamente, os contidos propostos consolídanse a través da observación guiada e posteriormente a racionalización. Por tanto, o contacto directo coa materia sonora é o punto de partida proposto para todas as actividades de aula, as das clases colectivas e as actividades complementarias.

Outro aspecto esencial é a consolidación dunha correcta comprensión da linguaxe musical, tanto da mensaxe que se escoita coma da súa forma de expresión gráfica. Para isto se traballa sobre cada canción ou peza musical entendida coma unha unidade significativa, unha totalidade na que se atopan todos os aspectos constituíntes da música: melodía, harmonía, forma. O alumnado integra todos estes elementos propios da linguaxe musical e desenrola o seu dominio instrumental paralelamente. O material musical utilizado, nun comezo, é próximo ó alumnado xa que o asimilará dun xeito máis natural. Esta proximidade tamén servirá de motivación.

En base a estas dúas directrices básicas, o profesorado desenvolve a súa propia estratexia de aula, a través da observación dos diferentes estadios ou fases de adquisición de habilidades, e seleccionará e secuenciará o material e os recursos didácticos máis axeitados para completar os obxectivos e contidos incluídos nesta programación (traballo sobre dinámicas, articulacións, aspectos estruturais e auditivos, imaxinación sonora e motricidade).

De especial importancia é ensinar a estudar con calidade, reforzar a apreciación dos logros do alumnado, e traballar sobre a súa capacidade de concentración e memorización. Para isto, o profesorado estudará pasaxes co alumnado, reflexionando con el sobre os resultados obtidos na aula, e o seu nivel de escoita. Si é o caso, axudarlle a planificar o seu traballo individual semanal.

Nos primeiros cursos de EE.EE, é recomendable dividir a clase de piano en dúas medias horas semanais, xa que isto permite un mellor rendemento do alumnado, por motivos de maduración física e psicolóxica.

1) PRIMEIRO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

- Adoptar unha posición axeitada perante o instrumento que faga posible a acción brazo-antebrazo-man enriba do teclado.
- Ler correctamente as claves de sol en 2ª e fa en 4ª.
- Recoñecer as indicacións de dinámica “p”, “mf” y “f”.
- Recoñecer as indicacións de velocidade: allegro, andante e adagio.
- Recoñecer as numeracións correspondentes á dixitación.
- Diferenciar o “legato” do “picado”.
- Realizar con acerto as primeiras memorizacións.

CONTIDOS

- Nocións básicas sobre características do instrumento.
- Exercicios para conseguir un bo equilibrio corporal, un bo ritmo e a educación do movemento como base para abordar a técnica instrumental.
- Exercicios para a correcta colocación o corpo perante o instrumento. Utilización de distintos tipos de ataque: legato, staccato, picado, etc. Exercicios para unha boa independencia e resistencia dos dedos.
- Exercicios básicos de desprazamento polo teclado.
- Iniciación ao traballo progresivo das escalas, acordes e pequenos arpexios nas tonalidades fundamentais.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Nocións básicas sobre as características do instrumento e a correcta colocación do corpo. Traballo de un **mínimo de 4 pezas** cos seus respectivos exercicios preparatorios das cales **2 serán de memoria**. Lectura a vista con mans separadas.

2ª avaliación: Traballo de un **mínimo de outras 4 pezas** cos seus respectivos exercicios preparatorios das cales **2 serán de memoria**. Iniciación á lectura a vista cas dúas mans.

3ª avaliación: Traballo de un **mínimo de 4 pezas** cos seus respectivos exercicios e consolidación do aprendido nos trimestres anteriores das cales 2 serán de memoria. Perfeccionamento da lectura a vista cas dúas mans incluíndo pouco a pouco distintos tipos de ataque, de articulación e cambios de rexistro. Tocar o repertorio mínimo completo a final de curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O profesorado titor valorará, entre outros aspectos, a progresiva adquisición de autonomía para o estudo e comprensión das obras, a dificultade das mesmas con respecto ao curso, a actitude e interese, e a participación do alumnado nas actividades propostas. Teranse en conta, tanto para a avaliación continua como para a final os criterios de avaliación do apartado III da programación.

OBRAS

➤	<i>O método rosa</i>	<i>Ernest Van de Velde</i>
➤	<i>Cadernos de Adriana vol. 1</i>	<i>García Abril</i>
➤	<i>Estudos op.100</i>	<i>Beyer</i>
➤	<i>O piano</i>	<i>Tchokov-Gemiu</i>
➤	<i>Piano.Novo método.Volumen 1º</i>	<i>M. Carra</i>
➤	<i>Piano.Opus 1.Iniciación</i>	<i>Herranz, Monreal y Aroca</i>
➤	<i>Álbum para os nenos I</i>	<i>A. Katchaturian</i>
➤	<i>Volumen 1º A</i>	<i>Nikolaev</i>
➤	<i>Escalas nunha oitava</i>	<i>DoM-Lam-SolM-Mim-Rem-Sim</i>

MÍNIMOS ESIXIBLES

Ó tratarse de obras breves orientadas ó traballo de cuestións técnicas moi concretas, o repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **12 pezas** (4 por trimestre) diferentes de entre as indicadas no apartado anterior ou outras de dificultade similar das cales 6 serán interpretadas de memoria (2 por trimestre).



2) SEGUNDO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

- Adoptar unha posición correcta perante o instrumento.
- Recoñecer as indicacións de dinámica “pp”, “mp”, “ff”.
- Diferenciar o “legato” do “picado” do “portato”.
- Exercitar o paso do polgar.
- Diferenciar a posición aberta e pechada da man.
- Recoñecer as indicacións: “vivace”, “presto” e “largo”.
- Exercitar desprazamentos laterais dos brazos.
- Realizar os primeiros fraseos.
- Comezar a utilización do pedal dereito.

CONTIDOS

- Continuación e desenvolvemento dos contidos do curso anterior.
- Correcta dicitación e aplicación de distintas articulacións.
- Ampliación dos recursos musicais e expresivos.
- Exercicios preparatorios para o desprazamento axeitado polo teclado.
- Comprensión e aplicación dos distintos termos musicais que aparecen no repertorio traballado (a tempo, da capo, dolce, tempo I, signos de repetición, 8va alta/bassa etc).
- Memorización de fragmentos ou pezas adecuadas a este nivel.
- Interpretación de dúos, pezas en grupo e con acompañamento a catro mans por parte do mestre.
- Exercicios para o control básico da calidade de son, traballando tódolos os tipos fundamentais de ataque: legato, staccato, picado.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Traballo de un mínimo de 2 obras cos exercicios necesarios para abordar os problemas técnicos que se presenten. Traballo dos distintos tipos de memoria musical. Memorizar como mínimo unha peza. Perfeccionamento da lectura a vista.

2ª avaliación: Traballo de un mínimo de outras 2 obras cos exercicios preparatorios correspondentes, introducindo progresivamente novos recursos musicais e técnicos. Memorizar como mínimo unha peza nova. Perfeccionamento da lectura a vista.

3ª avaliación: traballo de un mínimo de 2 obras, unha delas de memoria. Consolidación dos aspectos abordados nos trimestres anteriores e afondamento progresivo na comprensión do repertorio traballado. Perfeccionamento da lectura a vista. Tocar o repertorio mínimo completo a final de curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O profesorado titor valorará, entre outros aspectos, a progresiva adquisición de autonomía para o estudo e comprensión das obras, a dificultade das mesmas con respecto ao curso, a actitude e interese, e a participación do alumnado nas actividades propostas. Teranse en conta, tanto para a avaliación continua como para a final os criterios de avaliación do apartado III da programación.

OBRAS

- *O Primeiro mestre. Op. 599 C.Czerny.*
- *Estudos op. 100 Burgmüller.*
- *Estudos op. 100 Bertini.*
- *Estudos op. 37 Lemoine.*
- *Libro de Ana Magdalena Bach.*
- *Sonatiña Op. 20 J. L. Dussek.*
- *Sonatiñas op 36 Clementi.*
- *Álbum da xuventude Op.68 R. Schumann.*
- *Cadernos de Adriana vol. II Antón García-Abril.*
- *Pezas para nenos.Op.27 D. Kabalevsky.*
- *“Mikrokosmos” vol. I e II e “For Children” vol. I B.Bartók.*
- *Escalas en dúas oitavas: DoM, Lam, SolM, Mim, ReM, Sim*

MÍNIMOS ESIXIBLES

Ó tratarse de obras breves orientadas ó traballo de cuestións técnicas moi concretas, o repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **6 pezas** (2 por trimestre) de entre as indicadas no apartado anterior ou outras de dificultade similar das cales 3 serán interpretadas de memoria (1 por trimestre).



3) TERCEIRO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

- Resolver problemas rítmicos en mans diferentes.
- Acadar un mínimo éxito na independencia das mans.
- Practicar o dobre paso do polgar.
- Estudar a polifonía dentro dunha mesma man.
- Recoñecer todas as indicacións de velocidade.
- Recoñecer todas as indicacións de dinámica.
- Memorizar dos obras (mínimo).

CONTIDOS

- Continuación e desenvolvemento dos contidos dos cursos anteriores.
- Ampliación dos recursos dinámicos e expresivos.
- Memorización de fragmentos e pezas adecuadas ao nivel.
- Interpretación de pezas a solo, dúos, pezas en grupo e con acompañamento a 4 mans por parte do mestre.
- Exercicios básicos de cromatismo.
- Exercicios de cambios de posición, ligados e soltos, continuos e alternos.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Traballo de un mínimo de 2 obras ou movementos de estilos distintos. Introducción ó traballo estilístico. Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Lectura a vista de diferentes estilos.

2ª avaliación: Traballo de un mínimo doutras 2 obras ou movementos de estilos diferentes, unha delas de memoria. **Sería recomendable ter lida a totalidade do repertorio do curso a finais deste trimestre.** Progresiva adquisición de novos recursos e traballo da memorización.

3ª avaliación: traballo de un mínimo de 1 obra ou movemento de estilos distintos, unha de memoria. Afondar e consolidar o traballado nos trimestres anteriores, en especial na diferenciación dos distintos estilos, a memoria e a lectura a vista. Tocar o repertorio mínimo completo a final de curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O profesorado titor valorará, entre outros aspectos, a progresiva adquisición de autonomía para o estudo e comprensión das obras, a dificultade das mesmas con respecto ao curso, a actitude e interese, e a participación do alumnado nas actividades propostas. Teranse en conta, tanto para a avaliación continua como para a final os criterios de avaliación do apartado III da programación.

OBRAS

- *Estudos op. 100 Burgmüller.*
- *Estudos op. 100 Bertini.*
- *Estudos op. 37 Lemoine.*
- *Estudos op. 636, op. 299 Czerny.*
- *Pequenos Preludos e Fugas Bach.*
- *Sonatiñas Haydn.*
- *Álbum da xuventude Schumann.*
- *Cadernos de Adriana Vol. III García-Abril.*
- *Mikrokosmos Vol II (final do tomo) e vol.III Bartók.*
- *Pezas para nenos Op. 27 Kabalevsky.*

Escalas nunha oitava: LaM, FaM, MiM, DoM, SiM, Solm

Admitirase tamén a inclusión no programa de obras de calquera dos estilos traballados, dende o Barroco ata música contemporánea, sempre que cumpran o requisito do tamaño e dificultade axeitada ao nivel, e respecten a filosofía de ofrecer un repertorio xeral interesante e tipicamente representativo da historia da música. (Barroco, Clasicismo, Romanticismo e Nacionalismo, Século XX e Música Contemporánea).

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obrigada acordada polo Departamento.**

4) CUARTO CURSO DE EE.EE

OBXECTIVOS

- Recoñecer o significado de tódalas indicacións que se atopen na partitura.
- Controlar os pedais de resonancia e de “una corda”.
- Acadar maior independencia das mans.
- Percibir de xeito interno a propia relaxación.
- Diferenciar estilos musicais.

CONTIDOS

- Continuación e desenvolvemento dos contidos dos cursos anteriores.
- Notas de adorno e trinos.
- Interpretación de pezas a solo, a dúo, en grupo ou con acompañamento a 4 mans por parte do mestre.
- Control dos distintos recursos expresivos: legato, picado, staccato...
- Traballo no son ben timbrado e expresivo.
- Asimilación dos conceptos: punto de ataque e contacto, velocidade e presión, caída libre e peso do brazo.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Afondamento no traballo estilístico. Progresiva adquisición de maior autonomía no estudo diario. Traballar un mínimo de 2 obras. Lectura a vista.


2ª avaliación: Progresiva adquisición de dominio da técnica dixital e braquial. Traballar un mínimo de outras 2 obras de estilos diferentes, unha delas de memoria, e sendo preferible que durante esta avaliación se teña xa montado todo o programa do curso, de cara a preparar a proba de paso de grado a finais do mesmo. Lectura a vista.

3ª avaliación: Afondamento e consolidación do traballado durante as avaliacións anteriores e traballo mínimo dunha obra nova, unha delas de memoria. Afondamento na diferenciación estilística e na comprensión do repertorio para a súa memorización. Lectura a vista. Tocar o repertorio mínimo completo a final de curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O profesorado titor valorará, entre outros aspectos, a progresiva adquisición de autonomía para o estudo e comprensión das obras, a dificultade das mesmas con respecto ao curso, a actitude e interese, e a participación do alumnado nas actividades propostas. Teranse en conta, tanto para a avaliación continua como para a final os criterios de avaliación do apartado III da programación.

OBRAS

- 
- CZERNY - Estudos op 636 / Escola da velocidade Op. 299
 - J. S. BACH - Invencións (2 voces) / Pequenos preludios e fugas
 - TELEMANN - Pequenas fantasías
 - HAYDN - 6 Sonatiñas
 - MOZART - Sonatiñas vienesas
 - BEETHOVEN - Bagatelas Op. 33 ou 119
 - SCHUMANN - Álbum da xuventude Op. 68
 - MENDELSSOHN - Romanzas sen palabras
 - CHOPIN - Mazurcas Op. 67 no. 2, Op. 68 no. 3
 - BRAHMS - Valses
 - GRIEG - Pezas Líricas Op. 12
 - GRANADOS - Contos da xuventude Op. 1
 - I. ALBENIZ - Seis Pequenos vales. Op. 25
 - MOMPOU - Paisajes
 - PROKOFIEV Pezas para nenos Op. 65
 - BARTOK - Mikrokosmos vol. III (final do tomo) / Mikrokosmos vol.IV / Bagatelas Op. 6 nos. 1, 4 ou 6.
 - STRAVINSKY - Os cinco dedos
 - VV.AA - O Álbum de Colien.
 - Escalas en dúas oitavas: Lam, Fam, MiM, Dom, Sim, Solm.

Admitiranse así mesmo a inclusión no programa de obras de calquera dos estilos traballados, dende o Barroco ata música contemporánea, sempre que cumpran o requisito do tamaño e dificultade axeitada ao nivel, e respecten a filosofía de ofrecer un repertorio xeral interesante e tipicamente representativo da historia da música.

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obrigada acordada polo Departamento.**

CLASE COLECTIVA

O Decreto 198/2007 no que nos baseamos di na sétima Disposición Adicional no punto 2 que “Cando as condicións o permitan, o alumnado dunha mesma especialidade recibirá unha clase colectiva de 60 minutos á semana”.

Neste caso, o traballo a desenvolver nestas clases poderá ser, entre outros:

- Coñecemento do mecanismo e anatomía do instrumento.
- Traballar diversas pezas en grupo ó piano.
- Improvisación e creatividade no instrumento.
- Audicións comentadas.
- Análise básica de partituras para piano.
- Traballo da relaxación.
- Hábitos de estudo.
- Lectura á vista.
- Técnica pianística

Así pois, os obxectivos e contidos serán os mesmos que para a clase individual do curso correspondente, xa que a clase colectiva é unha ferramenta de reforzo e consolidación dos aspectos abordados nesta, enriquecidos co intercambio de experiencias musicais entre compañeiros.

Os criterios de avaliación son basicamente actitudinais, centrados na asistencia e participación ás actividades propostas.

ENSINANZAS PROFESIONAIS - ESPECIALIDADE DE PIANO

I OBXECTIVOS

Obxectivos xerais das ensinanzas profesionais de música:

As EE.PP de música teñen como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Afacerse a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música:

- A) Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
- B) Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- C) Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- D) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- E) Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- F) Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de piano.

As ensinanzas de piano das ensinanzas profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- b) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- c) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- d) Practicar a música en conxunto, integrándose en formacións de cámara de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- e) Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, fraseo, etc.
- f) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diferentes épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.

Intentarase mentalizar ao alumno do novo carácter profesional da etapa que inicia, así como orientar sobre as posibilidades profesionais dos estudos que realiza e das implicacións que iso supón desde o punto de vista da autoesixencia, tempo de dedicación, adecuación dos resultados, etc.

Procurarase acadar, por parte do alumno, un hábito de estudo a partir da sistematización e organización do traballo así como o establecemento dunhas “rutinas” para o exercicio da técnica.

II CONTIDOS

- Estudo en profundidade da dicitación e a súa problemática, posibles solucións, e os criterios máis importantes que se deben seguir.
- Desenvolvemento e perfeccionamento de toda a gama de modos de ataque.
- A utilización progresiva do peso do brazo como principal fonte de forza e control da sonoridade.
- A dinámica, a precisión na realización das diversas indicación que a ela se refieren e o equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- A utilización dos pedais e a potenciación que experimentaron os seus recursos na evolución da escritura pianística.
- O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos, ligado a iso, o desenvolvemento da cantabilidade no piano. Ornamentación.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grañas e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria (auditiva, fotográfica, muscular, etc.)
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características da súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

III CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Utilizar o esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar crispacións que conduzan a unha perda de control na execución.
- 2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para al acadar unha interpretación adecuada.
- 3) Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- 4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos

problemas que se lle susciten no estudo.

5) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando coñecementos adquiridos.

6) Interpretar obras das diferentes épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

7) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valorarase o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

8) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumno alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.

10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.

IV CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para obter a cualificación trimestral e final teranse en conta os seguintes criterios:

- Valoración dos criterios avaliación: farase unha media da puntuación asignada a cada criterio de avaliación do curso correspondente. Este aspecto suporá un **85% da nota**.
- Demostrar traballo diario e actitude positiva na clase: valolarase a constancia e a calidade do estudo persoal na casa, o cumprimento dos obxectivos fixados semanalmente na aula, a audición e investigación das pezas ou compositores que se están a traballar, a actitude activa e receptiva na clase, etc. Este aspecto suporá o **15 % da nota**.

V METODOLOXÍA

Nas Ensinanzas Profesionais o alumno/a chega a primeiro curso despois de amosar a súa capacidade de aproveitamento mediante a proba de acceso. Sen esquecer a idea de que os contidos esenciais da formación musical xa deben estar presentes, a principal diferenza respecto da aprendizaxe nas EE.EE é o incremento da capacidade intelectual e de abstracción debido a madurez evolutiva do alumnado. Consecuentemente, a metodoloxía a empregar ten máis carga intelectual e reflexiva, e se orienta a reforzar o sentido crítico e as capacidades de autovaloración do propio alumnado. Tamén é de esencial relevancia que o profesorado amose dun xeito práctico as posibles saídas profesionais as que pode optar cada alumno, atendendo as súas capacidades máis saíntes e os seus intereses persoais.

1) PRIMEIRO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos , brazo, antebrazo, cóbado... de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, e incluíndo así mesmo dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirritmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando asimesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista.

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos presentados no apartado 1 dos obxectivos.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compas e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexos de ata 3 oitavas e en movemento contrario, sobre todo en tonalidades de ata 5 alteracións.
- Práctica das oitavas e acordes.
- Práctica das notas dobres en aire moderado.
- Polifonía a traballar con non máis de 3 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoavaliación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos coñecementos adquiridos durante as EE.EE. Incidencia na adquisición duns bos hábitos de estudo. Traballo dun mínimo de 2 obras de estilos diferentes.

2ª avaliación: Afondamento nas diferenzas entre os distintos estilos e no uso dos pedais. Traballo dun mínimo de 2 obras de estilos diferentes, sendo recomendable ter rematada a lectura do programa do curso a finais desta avaliación. Afondamento na correcta memorización do repertorio.

3ª avaliación: Traballo mínimo dunha obra. Consolidación do traballado nos trimestres anteriores e progresiva adquisición de independencia para abordar novos repertorios. Interpretación de todo o programa do curso, dúas das pezas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

O profesor titor valorará, entre outros aspectos, a progresiva adquisición de autonomía para o estudo e comprensión das obras, a actitude e interese, e a participación do alumnado nas actividades propostas.

Así mesmo, teranse en conta tanto na avaliación puntual como na continua os seguintes apartados:

A. CONTROL DO CORPO PERANTE O TECLADO:

- Postura/relaxación.
- Precisión e exactitude nas teclas.
- Igualdade de pulsación e na independencia dos dedos.
- Rítmica.
- Coordinación entre mans.
- Axilidade.
- Control polifónico/equilibrio.
- Control técnico.
- Continuidade no discurso musical (fraseo).

B. RESPECTO DO TEXTO:

- Tempo.
- Notación.
- Articulación.
- Dinámica.
- Agóxica.

C. SON:

- Calidade.
- Proxección.
- Amplitude dinámica.
- Pedalización.

D. COMUNICACIÓN:

- Presentación.
- Convicción musical.
- Memorización.

E. MUSICALIDADE:

- Estilo, carácter, fraseo, construción formal, rubato...

F: Lectura á primeira vista**G: Dificultade do programa presentado respecto ó curso.****OBRAS**

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar. A elixir entre as seguintes ou outras de dificultade similar:

A. ESTUDOS E TRATADOS TÉCNICOS

- **CZERNY** - Op. 299, Nº 16, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 30, 34, 38
- **CRAMER** - Nos. 1, 2, 3, 4, 6, 9, 10, 11, 12, 13, 16, 18, 21, 22, 28, 33, 34, 36
- **HELLER** - Op. 46 Nº 12, 13, 14, 26 y 29 / Op. 16 No. 1 y 2.
- **MOSZKOWSKY** - Pequenos estudos Op. 91
- **BURGMÜLLER** - Estudos Op. 105 ou 109
- **BERTINI** - Estudos Op. 29, 32 ou 100.
- **HANON** - "O pianista virtuoso" - 60 exercizos técnicos.

B. OBRAS BARROCAS

- **J. S. BACH** - Invenciones e Sinfonías (a 2 e 3 voces)

C. OBRAS CLÁSICAS

- **HAYDN** Unha sonata a elixir libremente da primeira etapa compositiva.
- **MOZART** - Algunha sonata das máis sinxelas.
- **BEETHOVEN** - Algunha das sonatas pequenas.

D. OBRAS ROMÁNTICAS E NACIONALISTAS

Unha obra pequena a elixir entre os seguintes autores:

Schubert, Mendelssohn, Schumann, J. Field, Chopin, Liszt, Brahms, Grieg, etc.

E. OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS

- **DEBUSSY** - O rincón dos nenos
- **BARTÓK** - Mikrokosmos Vol. IV y V
- **PROKOFIEV** - Pezas para nenos Op. 65
- **KABALEVSKY** - Op. 37
- **I. ALBÉNIZ** - A elixir entre os Recordos de Viaxe / Follas de álbum Op. 165
- **GRANADOS** - Contos de Xuventude Op. 1

→ Ofrecemos algúns autores dos que se pode escoller asimesmo algunha obra dun nivel semellante os mencionados: **SOFIA GUBAIDULINA, MACDOWEL, PADRE DONOSTIA, SHOSTAKOVICH, MONTSALVATGE, RAMON BARCE, HELMUT LACHENMANN, ETC.**

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obrigada acordada polo Departamento.**

2) SEGUNDO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

Ademais de ampliar o exposto no apartado semellante referente ao 1º curso, neste ano académico o alumnado deberá desenvolver os seguintes propósitos:

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos, brazo, antebrazo, cóbado... de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, e incluíndo asimesmo dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirrítmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando así mesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista.

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos plantexados no apartado 1 dos obxectivos.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compás e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexios de ata 3 oitavas e en movemento contrario, con inversións e tamén escalas cromáticas.
- Práctica das oitavas e acordes.
- Práctica das notas dobres en terceiras, sextas, oitavas tanto en “legato” coma en “staccato”.
- Polifonía a traballar con non máis de 3 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoevaluación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Perfeccionamento da diferenciación das voces en obras polifónicas. Traballo do control auditivo. Traballo de un **mínimo de 2 obras ou movementos** de estilos diferentes.

2ª avaliación: Afondamento no uso dos pedais e na comprensión das obras. Traballo de un mínimo doutras **2 obras de estilos diferentes**, sendo recomendable ter lida a totalidade do repertorio do curso ó finalizar este trimestre. Memorización progresiva do repertorio.

3ª avaliación: Traballo dunha peza nova. Afondamento e consolidación do traballado nos trimestres anteriores. Interpretación de todo o repertorio do curso, dúas das pezas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mesmos apartados que os indicados para o curso anterior.
- Como proba definitiva ao remate do curso, tocaranse 5 obras de estilos diferentes, de entre o programa traballado durante o curso. Como mínimo, dúas delas deberá ser interpretadas de memoria.

OBRAS

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar.

ESTUDOS

- **CZERNY** Op. 740 Nº 1-2-3-10-13-17-21-37-41.
- **JENSEN** Op. 32
- **BURGMÜLLER** Estudos Op. 105.
- **CLEMENTI** "Gradus ad parnassum" nº 1-2-3-4-9-16-17-18-21-44-47.
- **CRAMER** Vol. I.

OBRAS BARROCAS E PRECLÁSICAS

- **J. S. BACH:**
 - *"O clave ben temperado"* - a elixir entre ós preludios e fugas máis asequibles ao nivel, p ex. os nº 2 ou 6.
 - *Invencións a 2 e 3 voces (sinfonías) que conteñan complicacións técnicas e de dixitación non abordadas no curso anterior.*
- **D. SCARLATTI:** *Unha sonata a elixir entre as máis curtas, sen moitas complicacións técnicas.*
- **HÄNDEL:** *Algunha das suites ou sonatas máis curtas e axeitadas ao nivel.*

Calquera outra obra a elixir entre autores que adicaron a súa vida o eido do clave:

P. A. SOLER; J. FERRER, MATEO ALBÉNIZ, J. GALLÉS, MARIANNE VON MARTÍNEZ, ETC.

OBRAS CLÁSICAS

- **HAYDN:** *Unha sonata a elixir libremente que non sexa das primeiras da primeira etapa compositiva senón preferiblemente as de 3 tempos.*
- **MOZART** Sonatas KV282 ou 283 / Rondó en RE M. KV485/ 12Variacións KV330 ou 265
- **BEETHOVEN** Sonatas Nº 19, 20 ou 25

OBRAS ROMÁNTICAS E NACIONALISTAS

- **SCHUBERT:** *Momentos musicais, Scherzos (ou calquera obra de non moita duración.)*
- **MENDELSSOHN** - *Romanzas sen palabras*
- **SCHUMANN** - *"Escenas de nenos" Op. 15*
- **CHOPIN** - *Mazurkas, Valses, Preludios*
- **BRAHMS** - *Valses Op. 39*
- **LISZT** - *Algunha das súas obras máis curtas.*
- **GRIEG** - *Algunha das súas pezas líricas Op. 12.*

OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS:

Algunha obra de dificultade media non moi longa a elixir entre os seguintes autores: DEBUSSY, RAVEL, BARTÓK, JANACEK, KODALY, SATIE, CUI, FRANK, CHAMINADE, POULENC, PROKOFIEV, KABALEVSKY, VILLA-LOBOS, GINASTERA, CASELLA, FALLA, ALBÉNIZ, TURINA, GRANADOS, RODRIGO.

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obligada acordada polo Departamento.**

3) TERCEIRO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

Ademais de ampliar o exposto no apartado semellante referente ao 2º curso, neste ano académico os alumnos deberán desenvolver os seguintes propósitos:

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos, brazo, antebrazo, cóbado... de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, e incluíndo tamén dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirrítmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando así mesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista.

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos prantexados no apartado 1 dos obxectivos.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compás e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexios de ata 3 oitavas e en movemento contrario, con inversións e tamén
- escalas cromáticas.
- Práctica das oitavas e acordes.
- Práctica das notas dobres en terceiras, sextas, oitavas tanto en “legato” coma en “staccato”.
- Polifonía a traballar con non máis de 3 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoevaluación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Perfeccionamento do traballo en obras polifónicas e do control auditivo. Traballo de polo menos 2 obras de estilos distintos.

2ª avaliación: Afondamento no uso dos pedais e na diferenciación estilística. Progresiva memorización do repertorio. Traballar polo menos outras 2 obras de estilos diferentes. É recomendable que ó final de este trimestre se teña abordada xa a totalidade do repertorio do curso. Progresiva memorización do repertorio.

3ª avaliación: Traballo dunha peza nova. Afondamento e consolidación do traballado nos trimestres anteriores. Interpretación de todo o repertorio do curso, dúas das pezas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mesmos apartados que os indicados para o curso anterior (agás o de lectura á primeira vista, que se considera traballado na materia de Repentización e Acompañamento).
- Como proba definitiva ao remate do curso, tocaranse 5 obras de estilos diferentes, de entre o programa traballado durante o curso. Como mínimo, dúas delas deberá ser interpretada de memoria.

OBRAS

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar..

A. ESTUDOS:

- **CLEMENTI** - *"GRADUS AD PARNASSUM"*
- **KULLAK** - *Op. 48 Nº 5-6-7*
- **CZERNY** - *Op. 740 Nº 4-7-8-12-14-23-24-28-32-33-34-44*
- **CRAMER** - *a elixir libremente*

B. OBRAS BARROCAS E PRECLÁSICAS:

- **J. S. BACH:** "O clave ben temperado", preludos e fugas a 3 ou 4 voces con aspectos técnicos e de dixitación máis esixentes ca no curso precedente.
- **HÄNDEL** "Suites".
- **D. SCARLATTI** - Sonatas non moi extensas pero das compostas en tempo rápido.
- **P. A. SOLER** - Sonatas en tempo rápido

C. OBRAS CLÁSICAS:

Unha sonata a elixir de extensión e dificultade media entre os seguintes autores: Haydn e Beethoven. Do último autor destaca como recomendable a sonata nº 10.

Polo traballo de polirritmia, "legatos" e patróns de acompañamento moi pedagóxicos.

D. OBRAS ROMÁNTICAS E NACIONALISTAS:

- **MENDELSSOHN** "Romanzas sen palabras"
- **SCHUBERT** Scherzos, momentos musicais ou impromptus de dificultade media e non extensos.
- **SCHUMANN** - Os números máis esixentes técnicalemente das escenas de nenos ou as escenas do bosque.
- **CHOPIN:** Valses, mazurkas, preludios
- **LISZT** - algunha peza curta dos anos de pelerinaxe ou das consolacións
- **GRIEG** - unha das pezas líricas a elixir entre as máis rápidas e de tamaño medio.
- **BRAHMS** - algún intermezzo ou peza curta pero con esixencias
- técnicas como saltos, acordes e axilidades nos cambios de posicións.

OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS:

- **Xavier Montsalvatge, J. Ibert** - (libro "historias"), **F. Mompou, Aaron Copland.**

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obrigada acordada polo Departamento.**

4) CUARTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

Ademais de ampliar o exposto no apartado semellante referente ao 3º curso, este ano académico os alumnos deberán desenvolver os seguintes propósitos:

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos, brazo, antebrazo, cóbado...de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, e incluíndo así mesmo dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirrítmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando así mesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista.

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos prantexados no apartado 1 dos obxectivos.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compás e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexios de ata 3 oitavas e en movemento contrario, con inversións e tamén escalas cromáticas.
- Práctica das oitavas e acordes.
- Práctica das notas dobres en terceiras, sextas, oitavas tanto en "legato" coma en "staccato".
- Polifonía a traballar a 3 voces, podendo nalgúns casos traballar ata 4 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoevaluación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Perfeccionamento do traballo en obras polifónicas e do control auditivo. Traballo de polo menos 2 obras de estilos distintos. Traballo da capacidade da autoaudición e autoevaluación crítica, a través da propia escoita e da de gravacións do repertorio abordado.

2ª avaliación: Afondamento no uso dos pedais e na diferenciación estilística. Progresiva memorización do repertorio. Traballar polo menos outras 2 obras de estilos diferentes. É recomendable que ó final de este trimestre se teña abordada xa a totalidade do repertorio do curso. Progresiva memorización do repertorio.

3ª avaliación: Traballo dunha peza nova. Afondamento e consolidación do traballado nos trimestres anteriores. Interpretación de todo o programa do curso, dúas das pezas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Mesmos apartados que os indicados para o curso anterior.

OBRAS

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar.

A. ESTUDOS: KESSLER - Nos. 1, 4, 6. / **MOSZKOWSKY** - Algún dos estudos mais cortos e sinxelos / **CZERNY** - Op. 740/ **CRAMER**.

B. OBRAS BARROCAS E PRECLÁSICAS:

- **J. S. BACH** - Preludios e fugas (al menos 4 voces) do “Clave Ben Temperado”. Obertura francesa.
- **HÄNDEL** - Suites
- **SCARLATTI** - Sonatas en tempo rápido
- **P. A. SOLER** - Sonatas
- **F. COUPERIN** - algunha peza de movemento rápido que non sexa moi curta.
- **RAMEAU** - unha peza de características similares en movemento rápida.
- **MATEO ALBÉNIZ** - Sonatas

C. OBRAS CLÁSICAS:

- **HAYDN** - Sonatas cun mínimo de 3 tempos e de dificultade media ou media-alta nun dos tempos cando menos. Variacións co criterio exposto no caso das sonatas.
- **MOZART** - Sonatas do nivel comentado no caso de Haydn. Variacións dun xeito similar ao das sonatas en canto a dificultade.
- **BEETHOVEN** - Sonatas e variacións coma nos dous casos anteriormente citados.
- **CLEMENTI** - Sonata Op. 26 No. 3 ou Sonata Op. 39, No. 3.

D. OBRAS ROMÁNTICA E NACIONALISTAS:

- **SCHUBERT** - Algún dos impromptus máis doados e menos extensos ou grupo de obras curtas.
- **MENDELSSOHN** - Algunha das romanzas sen palabras que non sexan das máis curtas, e que requira destreza e velocidade, así como un bo traballo de polifonía ou textura homofónica de certa dificultade de dixitación.
- **SCHUMANN** - Un par de números das escenas do bosque que requiran control de velocidade e certas complicacións a engadir. Pezas de fantasía op 12 ou algún nº do Carnaval de Viena.
- **CHOPIN** - Algún dos grandes vales. Algún dos preludios máis áxiles. Mazurkas das máis extensas. Impromptu No. 1
- **LISZT** - “Consolacións”. “*Les cloches de gèneve*” dos anos de pelegrinaxe ou calquera outra da mesma serie que non presente dificultades extremas.
- **BRAHMS** - Intermezzos, baladas ou calquera outra peza corta que non presente dificultades extremas nos seguintes opus: 76, 117, 118 ou 119.

E. OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS:

- **FAURÉ** - Pezas curtas para piano.
- **DEBUSSY** - Pezas de dificultade media ou unha peza solta dunha serie.
- **POULENC** - Pezas curtas como “improvisacións” (unha a elixir), ou algunha peza solta das súas series.
- **TURINA** - Danzas xitanas (calquera non sendo “Zambra”).
- **MOMPOU** - Pezas cortas de similares características ás mencionadas como p. ex. algunha canción e danza.
- **ALBÉNIZ** - Algunha peza da “suite española”.
- ➔ Ademais poderanse levar obras de calquera outro autor mencionado no mesmo apartado E de outros cursos, pero tendo en conta sempre como referencia o nivel das obras expostas como exemplo no presente párrafo.

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obligada acordada polo Departamento.**

5) QUINTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

Ademais de ampliar o exposto no apartado semellante referente ao 4º curso, neste ano académico os alumnos deberán desenvolver os seguintes propósitos:

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos, brazo, antebrazo, cóbado...de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, e incluíndo así mesmo dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirritmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando así mesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista.

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos plantexados no apartado 1 dos obxectivos.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compás e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexios de ata 3 oitavas e en movemento contrario, con inversións e tamén escalas cromáticas.
- Práctica das oitavas e acordes.
- Práctica das notas dobres en terceiras, sextas, oitavas tanto en “legato” coma en “staccato”.
- Polifonía a traballar a 3 e 4 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoevaluación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Perfeccionamento do traballo en obras polifónicas e do control auditivo. Traballo de polo menos 2 obras ou movementos de estilos distintos.

2ª avaliación: Afondamento no uso dos pedais e na diferenciación estilística. Progresiva memorización do repertorio. Traballar polo menos outras 2 obras ou movementos de estilos diferentes. É recomendable que ó final de este trimestre se teña abordada xa a totalidade do repertorio do curso. Progresiva memorización do repertorio.

3ª avaliación: Traballo dunha peza nova. Afondamento e consolidación do traballado nos trimestres anteriores. Interpretación do repertorio do curso, dúas delas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Os mesmos apartados que os indicados para o curso anterior.

OBRAS

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar.

A. ESTUDOS

- **MOSZKOWSKY** Op. 72
- **CZERNY** Op. 740 (os máis irregulares e complicados técnica e mecánicamente). Op. 365 especialmente os nº 1-2-3-4-6-7-9-12-13-19-21
- **CHOPIN** - algún nº do Op. 10, especialmente fáise moi axeitado ao nivel esixible o nº 9. Tamén son axeitados os 3 novos estudos.
- **CLEMENTI** - algún dos máis complicados do "*Gradus ad Parnasum*".
- ➔ Tamén se poderá optar por autores como Mendelssohn, Cramer, Liszt, Schumann, Scriabin, Saint-Saëns, Stravinsky, Ligeti, Casella, etc.

B. OBRAS BARROCAS Y PRECLÁSICAS

- **J.S.BACH** - Suites francesas ou inglesas. Toccatas. Preludio e fugas do CBT (al menos 4 voces)
- **HÄNDEL** - Suites ou sonatas.
- ➔ *Asimesmo sería moi positivo o traballo de abordar calquera dos seguintes autores ou cando menos facerse eco deles: Kuhnau, Scarlatti, P. Soler, Cabezón, Couperin, etc.*

C. OBRAS CLÁSICAS

- **HAYDN** - algunha das derradeiras sonatas o variacións
- **MOZART** - a elixir unha sonata das máis largas
- **BEETHOVEN** - unha a elixir que no sexa en ningún caso as pequenas en 2 tempos (19, 20 ou 25) ou a No. 10 que queda un pouco por baixo do nivel mínimo esixible para o presente curso.

D. OBRAS ROMÁNTICAS E NACIONALISTAS

- **SCHUBERT** - impromptus en xeral (excepto La b M do Op. 142)
- **CHOPIN** - grandes vales, impromptus, excepto o 1º, nocturnos ou calquera outra obra súa de similares características técnicas as mencionadas.
- ➔ Este mesmo criterio seguirase para calquera outro autor, entre os que cabe citar a Schumann, Brahms, Grieg, Liszt, etc.

E. OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS:

Todos os autores citados nos cursos anteriores teñen obras de similares características en canto a duración, asimilación memorística, etc., que as citadas no apartado anterior do romanticismo. Destacan:

1. **DEBUSSY** - calquera dos números da "Suite Bergamasque", especialmente o "Claro de lúa".
2. **PROKOFIEV** - cos seus vales ou bosquejos de tamaño medio pero con moitos aspectos novedosos a traballar con respecto a técnica empregada ata o romanticismo ou impresionismo, sobre todo en canto a armonía.
3. **POULENC** - ca súa imaxinativa e orixinal obra pianística como as improvisacións e series estilo suite.
4. **RACHMANINOV** - con algunha das súas primeiras obras cortas como a elexía.
5. **GRANADOS** - algunhas danzas españolas.
6. **GARDEL - PIAZZOLLA - GINASTERA** - (compositores dos países de Uruguai e da Arxentina do Río de la Plata) - algunhas das súas obras máis representativas.

Estos niveís tomaranse de referencia para elixir algunha outra obra fora da lista de autores como Turina, Rodrigo, Albéniz, Falla, Mompou, etc

MÍNIMOS ESIXIBLES

O repertorio a traballar durante o curso abranguerá un mínimo de **5 pezas de diferentes estilos** (2 no primeiro trimestre, 2 no segundo, 1 no terceiro) de entre as indicadas neste apartado ou outras de dificultade similar das cales 2 serán interpretadas de memoria ao final de curso. **Ademais interpretarase unha peza obligada acordada polo Departamento.**

6) SEXTO CURSO DE EE.PP

OBXECTIVOS

Ademais de ampliar o exposto no apartado semellante referente ao 5º curso, neste ano académico os alumnos deberán desenvolver os seguintes propósitos:

- Acadar unha maior independencia e claridade de dedos, buscando desenvolver progresivamente unha óptima resistencia dos mesmos.
- Mellorar a execución dos diferentes ataques: dedos, brazo, antebrazo, cóbado... de xeito que se faga un bo uso do peso do brazo.
- Acadar unha mínima calidade de son no eido do fraseo diferenciador entre mans, incluíndo así mesmo dinámicas diferentes entre dedos da mesma man.
- Mellorar o dominio na execución de polirrítmias.
- Mellorar o uso dos pedais.
- Mellorar a diferenciación de estilos.
- Control do son e mellora da súa limpeza e claridade.
- Mellorar pouco a pouco o autocontrol cando se toca en público, fomentando así mesmo o espírito autocrítico.
- Poder afrontar cada vez mellor unha lectura a primeira vista

CONTIDOS

- Práctica dos exercicios que permitan obter os obxectivos prantexados no apartado 1.
- Práctica dunha maior velocidade nos ataques de pulso e desprazamentos.
- Cambios de compás
- escalas cromáticas.
- Práctica das oitavas e ritmos de 3 contra dous.
- Escalas e arpexios de ata 3 oitavas e en movemento contrario, con inversións e tamén en acordes.
- Práctica das notas dobres en terceiras, sextas, oitavas tanto en “legato” coma en “staccato”.
- Polifonía a traballar a 3 e 4 voces.
- Desenvolvemento da capacidade expresiva e das posibilidades dinámicas en ambas mans.
- Control auditivo.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Memorización dunha boa parte do repertorio.
- Tocar a catro mans e/ou a dous pianos.
- Tocar en público para fomentar o autocontrol.
- Uso e práctica dos dous pedais.
- Incremento da capacidade de autoaudición e autoevaluación crítica.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Consolidación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores. Perfeccionamento do traballo en obras polifónicas e do control auditivo. Traballo de polo menos 2 obras de estilos distintos.

2ª avaliación: Traballo dunha peza nova. Afondamento no uso dos pedais e na diferenciación estilística. Progresiva memorización do repertorio. É recomendable que ó final deste trimestre se teña abordada xa a totalidade do repertorio do curso. Progresiva memorización do repertorio.

3ª avaliación: Afondamento e consolidación do traballado nos trimestres anteriores. Preparación para a audición final de curso e a posible proba de acceso ás Ensinanzas Superiores. Interpretación de todo o repertorio do curso, dúas das pezas de memoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Os mesmos apartados que os indicados para o curso anterior.

OBRAS

Con carácter orientativo expóñense de seguido obras dos diferentes autores e estilos a tratar, **tendo en conta que ó final deste curso debe realizarse un Concerto de Fin de Grao** para presumiblemente afrontar a continuación unha Proba de Acceso as Ensinanzas Superiores. O programa a traballar durante este ano debe estar orientado a tal fin. Así pois, **abordarase un repertorio cunha duración mínima de 20 minutos e máxima de 45 minutos e que abranca como mínimo obras de 3 estilos distintos das cales 2 serán interpretadas de memoria.**

A. ESTUDOS

- **CHOPIN** - Estudos Op. 10, Op. 25 e calquera dos 3 estudos feitos ó xeito de Ignaz Moscheles. Especialmente recomendables son os nº 3, 9 e 12 (Op. 10) e os nº 1 e 2 (Op. 25).
- **LISZT** - Calquera estudo que non sexa dos máis longos ou de nivel técnico extremo.
- **SCHUMANN** - estudos inspirados en Paganini.
- ➔ Asimesmo poderánse traballar estudos de calquera dos autores plantexados no curso anterior.

B. OBRAS BARROCAS E PRECLÁSICAS

- **J. S. BACH**: Preludio e fugas do CBT (fuga de al menos 4 voces). Toccatas con fuga. Suites inglesas ou partitas. Concerto italiano.
- **HÄNDEL** - unha suite das máis extensas.
- **SCARLATTI** - sonatas que sexan mínimamente extensas (p. ex. un mínimo de catro follas) e en movemento rápido.
- **COUPERIN** - algunha suite ou “ordre” completo/a
- **RAMEAU** - algunha serie de pezas para clave

C. OBRAS CLÁSICAS

- **HAYDN** - Algunha das últimas sonatas
- **MOZART** - Algunha das sonatas máis extensas e completas en canto a variedade de escritura.
- **BEETHOVEN** - Sonatas en xeral exceptuando as citadas para cursos anteriores de máis baixo nivel e descartando igualmente as sonatas monumentais como poden ser a “Hammerklavier”, “Appassionata” ou “Waldstein”.

D. OBRAS ROMÁNTICAS E NACIONALISTAS

- **SCHUBERT** - Impromptu das variacións OP. 142 ou o 4 do mesmo opus
- **SCHUMANN** - Algunha serie completa de pezas que non conteña dificultades propias do nivel superior como p. ex. “Esceas de nenos” Op. 15 ou “Esceas da fraga” Op. 82, “Entroido de viena”, etc.
- ➔ Calquera outro autor plantexado no mesmo apartado do curso anterior atendendo ao nivel e a magnitude das características técnicas do curso presente.

E. OBRAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS

Calquera autor entre a gran variedade de elección entre os post-románticos como Rachmaninov ou franceses como Fauré e os máis vangardistas como Messiaen, Ligeti, Stockhausen, etc. Tendo sempre presente a rica produción pianística de autores españois como Albéniz, Falla, Granados, Turina, Mompou, etc.

MINIMOS ESIXIBLES

Abordarase un repertorio cunha duración mínima de 20 minutos e máximo 45 minutos que inclúa obras de polo menos 3 estilos diferentes das cales 2 deberán ser interpretadas de memoria, con especial atención á preparación do concerto de final de grao e a posible proba de acceso as Ensinanzas Superiores.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

De forma xeral empregarase o sistema de avaliación continua. O profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso así como a súa actitude, participación e asistencia. Os procedementos empregados para avaliar serán:

- Observación directa:** valoración do desempeño do alumnado nas clases semanais.
- Interacción co alumnado:** a través do diálogo co alumnado nas clases avaliarase o seu grao de comprensión dos contidos.
- Audicións, mostras e outras actividades organizadas no departamento:** organizaranse audicións trimestrais a nivel de departamento, concertos de alumnado, mostras e audicións de aula, onde o profesor valorará a cantidade de traballo presentado, o comportamento do alumnado, a súa implicación nas actividades e o seu rendemento.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Como xa se indicou no apartado correspondente a cada curso, o alumnado deberá traballar con calidade como mínimo o repertorio indicado a continuación, ademais dos exercicios necesarios para a súa preparación.

1º EE.EE: 12 pezas curtas (2 de memoria en cada avaliación). Ao final do curso tocarase todo o programa, 6 das pezas de memoria.

2º EE.EE: 6 pezas curtas (cabendo a posibilidade de contabilizar unha obra de maior extensión, é dicir, de dúas ou máis páxinas, como equivalente a dúas curtas). Interpretarase 1 peza de memoria en cada avaliación.

3º EE.EE a 5º EE.PP: 5 obras de diferentes estilos, das cales 2 serán interpretadas de memoria na terceira avaliación. Ademais, intepretarase unha peza obrigada acordada polo Departamento.

6º EE.PP: Abordarase un repertorio cunha duración mínima de 20 minutos e máximo 45 minutos que inclúa obras de polo menos 3 estilos diferentes das cales 2 deberán ser interpretadas de memoria, con especial atención á preparación do concerto de final de grao e a posible proba de acceso as Ensinanzas Superiores.

O incumprimento dalgún destes apartados será considerado motivo de suspenso:

- En ningún curso estará permitido repetir na mostra da 2ª avaliación o repertorio interpretado na 1ª avaliación. Ca excepción de 1º de EE.EE, que non están obrigados a participar nas mostras, aínda que se aconsella comezar a presentarse as mesmas na 2ª avaliación para irse afacendo as probas.
- Na mostra de final de curso será obrigatorio presentar o programa mínimo esixido para cada curso.
- Será obligatoria a participación en polo menos unha audición ó longo do curso, no caso de 6º de EE.PP o recital de Fin de Grao contabilízase aparte. Será obligatoria tamén a participación en audicións de aula (un mínimo de 2 no curso) e serán organizadas polo mestre/a titor.

AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para facer unha ampliación de matrícula teranse en conta os seguintes criterios:

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos e contidos específicos ou capacidades de **tódalas materias** do curso actual. Amosar capacidades adecuadas de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira acceder así como amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que se quere ampliar a matrícula.

O profesor/a titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Para a correcta avaliación de dita proposta o profesor /a reunirse co profesorado de tódalas materia do alumno/a e, se hai acordo unánime, elevará a súa proposta ao departamento.

O profesorado implicado elaborará un informe de ampliación de matrícula, dentro dos prazos establecidos, no que aparecerá unha cualificación numérica de cada unha das asignaturas.. Será condición para a ampliación obter unha cualificación positiva en todas as materias.

O informe de ampliación será presentado polo/a xefe/a de departamento á dirección do centro o cal a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación.


A data límite para a proposta e aprobación de ampliación será antes do período non lectivo de Nadal.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Proba extraordinaria por perda da avaliación continua en Xuño: O alumnado que supere o número de faltas permitido para o curso indicado no Regulamento de Réxime Interno do centro terá dereito a presentarse a exame no período de mostras correspondente ó terceiro trimestre. Esta proba consistirá en presentar toda a materia estipulada no apartado de mínimos esixibles de cada curso.

Probas extraordinarias: O alumnado que non supere a materia de Piano poderá presentarse ás probas extraordinarias. Esta proba consistirá na interpretación da totalidade do repertorio de mínimos esixidos para cada curso.

Recuperación de materias pendentes: O alumnado que teña pendente a materia de Piano de cursos anteriores a recuperará na súa clase individual e nas audicións correspondentes no curso seguinte.



Conservatorio Profesional de Música de Ribeira Enrique Raisal

Programación didáctica de piano

Curso 2025/26

Para calificar tanto as probas extraordinarias como as probas por perda de avaliación continua empregarase a seguinte tabla como instrumento de avaliación:

indicadores	porcentaxe	nota
hábito postural, relaxación e dominio técnico	20%	
adecuación á partitura	20%	
calidade do son e emprego das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento	25%	
interpretación, fraseo e adecuación estilística	25%	
actitude e posta en escena	10%	

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos materiais a disposición do alumnado:

- Aulas con piano para estudo no tempo que non esten ocupadas con clases.
- Salón de actos para a realización de actividades diversas.
- Gravacións dos distintos concertos e actividades organizadas polo centro ó longo do curso. O alumnado poderá solicitar sempre que o desexe unha copia de aquelas nas que participe.
- Fondos da biblioteca do centro
- Equipos de audio e vídeo.

Recursos didácticos: O listado de obras recomendadas para cada curso está indicado nos apartados correspondentes da programación.

TEMAS TRANSVERSAIS, ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Os temas transversais tratados durante o curso están ligados ó currículo da materia, e son:

- Aprender a escoitar en público, as súas normas básicas de comportamento. Se utilizan para isto as clases colectivas, e as audicións e concertos programados polo departamento e o resto das actividades e concertos programados polo centro.
- Educación para a saúde, mediante a adquisición de hábitos posturais saudables.
- Participación dos alumnos no entorno cultural, nos distintos actos organizados polo centro.

As actividades complementarias e extraescolares faranse a través de:

- Audicións diversas organizadas ó longo do ano académico e concertos didácticos.
- Cursos impartidos por profesores invitados ó conservatorio.
- Actividades interdepartamentais e intercambios con outros centros.

Atención a diversidade: a diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que o alumnado que accee a un conservatorio presenta diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Durante o proceso educativo hai alumnos que presentan necesidades educativas especiais por ser alumnos con dificultades de aprendizaxe, alumnos con altas capacidades, alumnos de incorporación tardía ou procedentes do estranxeiro ou alumnos cunhas determinadas condicións persoais ou de historia escolar.

para dar resposta á diversidade, desde a clase de piano teremos en conta as seguintes pautas:

- traballar con materiais abertos e flexibles que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tivo coas actividades, as destrezas adquiridas,...
- buscar orientación externa en casa de ser necesario co propio centro como mediador.

- respectar o ritmo de aprendizaxe.
- diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- plantexar actividades de diferente dificultade e integrar ao alumnado na máis apropiada ao seu nivel.
- fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo de saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todo ese alumnado con deficiencias a nivel personal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo próximo ás necesidades reais do educando. Nese sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

As adaptacións curriculares que sexan necesarias para serán estudadas individualmente, e virán asesoradas por personal cualificado adecuado a cada caso especial.

PROBAS DE ACCESO

Acceso as EE.EE:

Acceso a primeiro:

Poderase acceder a calquera curso das **ensinanzas elementais** sen ter cursado os cursos anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre estar en posesión dos coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional deberá regular o procedemento de acceso a calquera curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes:

Acceso os seguintes cursos:

- A proba constará de dous exercicios:

a) Interpretación, no instrumento, de **dúas obras de diferentes estilos**, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, **unha deberá interpretarse de memoria** e outra obra de lectura a primeira vista. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

Será **obligatorio** presentar ó tribunal tres **copias do repertorio a interpretar**.

b) **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

- A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios.
- A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Acceso as EE.PP

Acceso ao primeiro curso

Para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos no Decreto 203/2007 do 27 de setembro.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e F.P. regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes:

- Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

a) **Interpretación, no instrumento da especialidade a que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo unha deberá interpretarse de memoria.** Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

Será **obligatorio** presentar ó tribunal tres **copias do repertorio a interpretar.**

b) **Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.** Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

- A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
- A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das **ensinanzas profesionais** sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes:

- Esta proba constará de dous exercicios:
- a) **Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.** Este exercicio cualificarase de **zero a dez puntos**, e cumprirá unha cualificación **mínima de cinco puntos** para o superar.

Será **obligatorio** presentar ó tribunal tres **copias do repertorio a interpretar**.

- b) **Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte.** Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
- A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Obras orientativas para a Proba de Acceso ao 1º curso das EE.PP de piano

- **CZERNY** - Estudos Op. 636 e Op. 299
- **J. S. BACH** - Invencións (2 voces) ou Pequenos preludios e fugas.
- **TELEMANN** - Pequenas fantasías
- **HAYDN** - 6 sonatiñas
- **MOZART** - Sonatiñas vienesas
- **BEETHOVEN** - Bagatelas Op. 33 ou 119
- **SCHUMANN** - Album da xuventude Op. 68
- **MENDELSSOHN** - Romanzas sen palabras
- **CHOPIN** - Mazurkas Op. 67/2; Op. 68/3
- **BRAHMS** - Valses
- **GRIEG** - Pezas Líricas Op. 12
- **GRANADOS** - Contos da xuventude Op. 1
- **I. ALBÉNIZ** - Seis pequenos vales
- **MOMPOU** - Paisajes
- **PROKOFIEV** - Pezas para nenos Op.65
- **BARTOK** - Mikrokosmos vol. III (final do tomo) / Mikrokosmos vol. IV / Bagatelas Op 6 nº 1, 4 ou 6
- **STRAVINSKY** - Os cinco dedos
- **AA.VV** - O Álbum de Colien

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matrícula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias á persoa interesada) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignaturas do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se a persoa solicitante acadara unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto

PROBA "PREMIO FIN DE GRAO" ESPECIALIDADE DE PIANO

- O alumno/a deberá interpretar un **mínimo de tres obras de estilos diferentes**, cunha duración total de **20 minutos (mínimo) e 45 minutos (máximo)**.
- Deberase interpretar como **mínimo dúas obras presentadas de memoria**, as cales deberán ter o nivel esixido para dita proba, que é o correspondente ós **dous últimos cursos das EE.PP.**
- O alumno deberá proporcionar **tres copias de cada unha das obras elixidas** no momento da prescrición.
- O tribunal reservase o **dereito de rexeitar algunha das obras** se considera que non se axusta ó nivel esixido.
- A puntuación mínima esixible para facer media é un **5**.
- O premio **NON** será efectivo se a nota obtida é inferior a un **9**.

ANEXOS:

Avaliación										
Ordinaria	Puntuacións:									
Grao Elemental e										
Profesional	0	2	4	5	6	7	8	9	10	
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1

Total:

Premios Fin de Grao Profesional		Puntuacións:									
		0	2	4	5	6	7	8	9	10	
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3	
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4	
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2	
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1	

Total:

Probas de Acceso		Puntuacións:									
Grao Profesional		0	2	4	5	6	7	8	9	10	
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3	
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4	
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2	
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1	

Total:

Avaliación										
Extraordinaria	Puntuacións:									
Grao Elemental e Profesional	0	2	4	5	6	7	8	9	10	
Posición e técnica	30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade	40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica	20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria	10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1

Total: